

Programa de actividades do CPR Cardenal Cisneros de Ourense para celebrar o Día de Rosalía de Castro 2016

10.15 O alumnado da ESO fará un envío masivo duns versos de Rosalía a través das redes sociais

12.00 O Colexio Cardenal Cisneros, a Oficina Principal de Correos e a Sociedade Filatélica Miño de Ourense únense para conmemorar o Día de Rosalía, centrados na arte postal, forma de expresión artística que consiste en decorar as cartas ou paquetes que circulan a través dos servizos postais. Alumnos de primaria do centro educativo, seguindo a proposta da AELG deseñaron postais cun poema da escritora ilustrado con debuxos; co apoio da Sociedade Miño as palabras de Rosalía voarán nas cartas espallando a obra da poetisa atendendo ao lema da convocatoria deste ano: #mobilizarosalía.

Alumnado de Cisneros e membros da Miño acudirán á Oficina Principal de Correos, onde serán recibidos pola directora, para cancelar os seus traballos co cuño turístico que reproduce a fonte das Burgas. Deste xeito queren render unha homenaxe a Rosalía de Castro no día en que se conmemora o aniversario do seu nacemento, unindo a cidade de Ourense coa poetisa a través da divulgación das súas obras convertidas en arte postal con sinatura ourensá.

18.00 Co Grupo Rosalauria, para facer reparto e lectura de versos de Rosalía e unha ofrenda floral con camelias, a flor de Galicia, ao son do grupo de música tradicional "Mamuxos". Lerán o manifesto neste acto da cidadanía ourensá. Todo isto na Rúa Rosalía de Castro de Ourense.